



EDA

EXPERIMENTACIÓN CON DESCARTES NA AULA

PRIMEIRA PRÁCTICA: DEFINICIÓN

OBXETIVOS DA EXPERIMENTACIÓN

Distintos son os obxectivos que se perseguen cá experimentación de Descartes. Entre eles pódese enumerar os seguintes, se ben, poderase modificalos durante o transcurso da experiencia

A motivación dos alumnos.

É sen dubida un dos obxectivos principais que buscamos ca experimentación. Co uso dos ordenadores e o nippe Descartes atopámonos ante a posibilidade de motivar ós alumnos dunha forma distinta, non convencional no estudio das Matemáticas.

Experimenten un cambio de conviciós respecto dos procesos de aprendizaxe

A aprendizaxe dos conceptos empregando unha metodoloxía máis atractiva

A atención personalizada dos alumnos.

Os alumnos poden realizar unha aprendizaxe interactiva que ademais lles permite a repetición das cuestións que non comprendan. Así poden ir avanzando de forma progresiva, a medida que vaian comprendendo os conceptos e procedementos anteriores e adaptándose a cada un deles.

Os mesmos principios que nos permiten xustificar o obxectivo anterior podémolo empregar para argumentar a elección dos seguintes:

A atención a diversidade

A autonomía dos alumnos na aprendizaxe

Como consecuencia dos anteriores obxectivos podemos expolos seguintes, resaltando que a súa selección está vinculada a relación causa-efecto que se produce cá metodoloxía interactiva e participativa e os obxectivos anteriores:

O rendemento académico

Experimenten un cambio de convencións respecto os procesos da aprendizaxe

Os obxectivos curriculares previstos na programación didáctica

ALUMNOS

A experimentación levareina a cabo co grupo 1º de bacharelato CCSS do I.E.S. "Do CASTRO" de VIGO

Ó número de alumnos matriculados no grupo é de 19. Aínda que non o sei fixo, neste momento non se repartiron os grupos no instituto. É un número alto de alumnos que poden supor algúns problemas para o desenvolvemento da experiencia. Unha posible dificultade pode xurdir co uso dos ordenadores, xa que terei que colocar, en algún caso, dous alumnos no ordenador, e ademais, a práctica di que poden xurdir problemas técnicos que dificultan a experiencia.

CONTIDOS MATEMÁTICOS A TRATAR

Para no desvirtuar o verdadeiro sentido da experimentación pretendo non alterar substancialmente a secuenciación do contidos da programación do curso. As unidades didácticas que corresponden traballar nas posibles datas da experimentación son as relativas a Números Reais e Aritmética Comercial. Pola adecuación dos materiais de Descartes a empregar, pensei aprazar a unidade de Aritmética Comercial e así poder traballar con Descartes polinomios e ecuacións. A estas alturas non coñezo con que clase de alumnos tratarei, xa que, algúns son novos no centro e os restantes non lle din clases.

DATAS E TEMPORALIZACIÓN

A idea inicial é dedicalos meses de Outubro e Novembro á posta en práctica da experimentación. Os contidos condicionos a este tempo, pois o non poder estimar aínda o ritmo da aprendizaxe penso que debo deixar aberta algunha variable. Se os contidos previstos quedaranse curtos seguiría cá unidade introductoria de Análise de Funcións Elementais que tamén é moi rica en materiais.

DATAS E TEMPORALIZACIÓN		
Do 1/10 o 25/11	Con materiais Descartes	Metodoloxía tradicional
8 semanas	3 horas	1 hora semanal

É evidente que, a temporalización poderá sufrir modificacións o longo da experiencia, xa que, eu tamén tereime que adaptar a nova metodoloxía e ir resolvendo as circunstancias que se presentarán

Autor: Manuel Fidalgo Rodríguez